



Formando a xoves empresarios

Programa

XESTIÓN EMPRESARIAL AVANZADA

10/02/11 - 19/05/11

A Coruña

Organiza:



Proxecto financiado:



Imparte:





PRESENTACIÓN

O entorno económico actual obriga ás empresas a enfren- tarse a novos retos no seu futuro inmediato. **A Federación Galega de Xoves Empresarios (FEGAXE)** e o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) entenderon a necesidade de colaborar na mellora da competitividade das Pemes galegas, a través da formación empresarial, facili- tando aos xoves empresarios ferramentas para afrontar con maiores garantías o difícil momento económico co que nos enfrentamos.

FEGAXE presenta o programa **XESTIÓN EMPRESARIAL AVANZADA** cos seguintes obxectivos:

- Profundizar nos fundamentos teóricos e prácticos das principais áreas de xestión da empresa.
- Desenvolver as habilidades directivas e a capacidade de liderazo dos participantes.
- Fomentar a expansión, internacionalización e innovación dos seus proxectos empresariais.
- Revisar o actual modelo de negocio en funcionamento.
- Impulsar a xestión do crecemento da empresa nas areas financeira, comercial, comunicación e recursos huma- nos.
- Facilitar o networking entre as Pemes participantes.

O **Instituto Tecnolóxico Empresarial Novacaixagalicia (ITE)**, entidade de recoñecido prestixio na formación de altos executivos de empresa, asume, coordinadamente coa FEGAXE, a dirección académica do programa basados nunha metodoloxía que combina o estudo teórico o caso práctico complementado co coaching directivo individualizado e o outdoor training. Deste xeito ponse ao servizo dos xoves empresarios un programa de alta dirección que se sustenta nunha base sólida de coñecementos, técnicas e ferramentas que lles permitan desenvolver a capacidade de atopar novas respostas, máis eficaces e eficientes, e adaptadas ás situa- cións que se presentan cuns competidores cada vez máis fortes, uns clientes cada vez máis esixentes e un entorno global e interrelacionado

Este programa conta co financiamento do **Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) Xunta de Galicia**.



DIRIXIDO A

Xoves Empresarios propietarios e/ou Xerentes de Pemes domiciliadas en Galicia con independencia do seu sector empresarial e preferentemente do seguinte perfil:

- Menores de **41 anos**.
- Pemes asociadas a unha Asociación de Xoves Empresarios afiliada a FEGAXE.

A dirección académica xunto a Fegaxe realizará unha valoración dos inscritos para garantir que os participantes teñen a formación e experiencia idóneas para garantir os obxectivos do curso.

TITULACIÓN

ITE Novacaixagalicia fará entrega dun diploma de "**Especialista en Xestión Empresarial**" sempre e cando tiveran asistido a un mínimo dun oitenta por cento das sesións e a xuízo da dirección académica superasen o curso.

DATAS E LUGAR DE IMPARTICIÓN

O programa **XESTIÓN EMPRESARIAL AVANZADA** comezará o día **10 de febreiro de 2011** e rematará o día **19 de maio de 2011**. As clases presenciais se impartirán os xoves pola mañá (de 9.00 a 14.00 horas) e pola tarde (de 15.30 a 18.30 horas).

O curso terá lugar na **sede de ITE Novacaixagalicia** en A Coruña (Ronda de Nelle, 31).

PROGRAMA

O programa formativo ten un total de **112 horas** lectivas presenciais e consta de **4 módulos**, completados co desenvolvemento de habilidades de dirección a través de coaching directivo individualizado e o outdoor training.

MODULO 1: ESTRATEXIA E DESENVOLVEMENTO DO NEGOCIO (24 HORAS).

1. Análise do contorno competitivo global.
2. Estrategia competitiva: revisión do posicionamento competitivo. Alternativas estratéxicas.
3. Acceso a novos mercados: análise e investigación de mercados; Internacionalización.
4. Definición, control e implantación da estratexia: BSC, Mapas Estratéxicos, Xestión do Cambio.

MODULO 2: ÁREAS CRÍTICAS DE XESTIÓN (56 HORAS).

1. Finanzas para directivos: Interpretación de estados financeiros; obtención e xestión do financiamento, financiamento de proxectos empresariais (Fondo XES-INNOVA).
2. Desenvolvemento de persoas: procesos de RRHH aliñados coa estratexia empresarial.
3. Marketing e comunicación: Mercadotecnia estratéxica e operativa; xestión da marca; comunicación empresarial.
4. Desenvolvemento e xestión da rede de vendas.

MODULO 3: PROCESOS E TECNOLOXÍAS (16 HORAS).

1. Ferramentas Informáticas: ERP's; CRM; SCM....
2. Internet: Web 2.0, Comercio e facturación electrónica.

MODULO 4: DESENVOLVEMENTO DE HABILIDADES DIRECTIVAS (16 HORAS).

1. Taller de Negociación.
2. Outdoor training: Liderado con cabalos.
3. Sesións de coaching individualizado.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DO PROGRAMA

O programa de Xestión Empresarial Avanzada contará para os participantes con sesións de coaching personalizado. Non se trata de analizar o estado da empresa, senon traballar sobre a figura do empresario. O obxectivo de ditas sesións é o autodianóstico do directivo e do seu estilo de dirección, identificando as súas principais carencias no seu rol como director de persoas, e marcando obxectivos de mellora persoal e cambios de hábitos para a súa consecución. Constará de tres reunións individuais, separadas temporalmente polo menos dúas semanas, tempo necesario para a posta en práctica das melloras a implantar.

Asimesmo a formación outdoor actúa como complemento o desenrolo de habilidades directivas. A través deste, o desenrolo de actividades de grupo o aire libre, se pondrá en práctica distintos exercicios e simulacións que permitan traballar sobre aspectos como o traballo en equipo, a dirección e coordinación, a mellora das habilidades de comunicación e a xestión de conflitos.

Aunque se traballe nun un contorno lúdico, traballamos cara obxectivos de aprendizaxe concretos.

CADRO DOCENTE

As sesións serán impartidas por expertos/ás profesionais que combinarán o desenvolvemento teórico de materias cunha visión práctica, obtida en primeira persoa a través das súas actividades profesionais e que se concretará nunha explicación de exemplos e casos prácticos sempre baixo os parámetros de calidade e o prestixio de ITE Novacaixagalicia.

Docentes:

- **CESAR SANTOS MEJIA**. Ex Director Xeneral e membro do Consello de Administración de Nanos Moda.
- **JULIO ARCA RUIBAL**. Director Financeiro en Genesal.
- **MARIA GONZALEZ FERNÁNDEZ**. Psicóloga de empresa. Directora Técnica de In Out Consulting.
- **CARLOS BOIXAREU TORRES**. Director en Boixareu y Clavero Asociados S.L. Director Programas MDM y MCEC en Universidad Pontificia Comillas.
- **ABELARDO VARELA GOMEZ**. Ex Director Comercial de Novartis Farmacéutica S.A.
- **SEBASTIAN BAMONDE BERMÚDEZ DE CASTRO**. SAP Line Director en Tecnomcom.
- **FRANCESC PUMAROLA CAMPENY**. Xefe da área de Internet de La Voz de Galicia - Canal Voz.
- **CARMEN GARCÍA DE LEANIZ**. Consultora independente. Exconsultora Xefe de Equipo Senior en Accenture.

E o Outdoor Training organizado por **ADECCO TRAINING** "Liderado con Cabalos": actividade de outdoor training na que se axudará os participantes a mellorar a súa capacidade de liderado, a cohesión dos seus equipos, a comunicación e o autodescubrimento de potencialidades.

As sesións de Coaching individualizado serán impartidas por **QCOACH**. Estas sesións terán como obxectivos o autodianóstico do participante e do seu estilo de dirección, identificando as súas principais carencias e marcando obxectivos de mellora persoal e cambio de hábitos para a súa consecución.

PREZO

O custo do Curso de Xestión Avanzada Empresarial é de 3.000 €, sendo subvencionado polo IGAPE 1.800 €, co cal o alumno terá que achegar **1.200 €**.

O prezo inclúe comida e aparcadoiro nas instalacións de ITE Novacaixagalicia.

Os alumnos terá que realizar 3 pagamentos de 400 € cada un distribuídos do seguinte xeito: un no momento de formalización de matrícula, os dous seguintes mediante domiciliación bancaria nos meses de marzo e abril.

INSCRICIÓNS

O prazo de inscrición rematará o **3 de febreiro ás 19:00 horas**.

Os candidatos deberán completar o formulario de inscrición adxunto e remitilo xunto con unha copia do seu curriculum vitae e o xustificante de pagamento da matrícula do curso ao Departamento de Formación da Federación Galega de Xoves Empresarios por fax ao 981 59 54 53 ou por correo electrónico a formacion@fegaxe.com, seguindo as instrucións especificadas neste.

PRAZAS

Dadas as características do curso admitirase un **mínimo de 15 e máximo de 25 alumnos**. As prazas adxudicaranse por orde de solicitude entre as candidaturas válidas recibidas ao longo do prazo establecido.

Para determinar a suficiencia da formación e experiencia dos alumnos, Fegaxe poderá reclamarlles información adicional e/ou realizar probas de selección se fose necesario.

Nota: a celebración do curso quedará supeditada á cobertura do mínimo de prazas establecidas.

CANCELACIÓNS

Poderase cancelar sen custo a inscrición comunicándoo por escrito antes do día **1 de febreiro do 2010**. Toda cancelación posterior supoñerá:

- Se é anterior ao comezo do curso, a devolución do 50% dos dereitos de matrícula.
- Se é posterior ao comezo do curso, non se realizará devolución ningunha.



Fegaxe
Federación Galega de Xoves Empresarios
C/Rosalía de Castro, 1
15706 Sanriago de Compostela

T. 981 595 454
F. 981 595 453
gerencia@fegaxe.com